



O canciño Nicolau

O próximo 23 de abril, celébrase o Día Internacional do Libro 2020. Eliximos o conto: *Eu conto, ti cantas...*, de María Victoria Moreno. Probablemente vos acordedes desta escritora porque dedicóuselle o Día das Letras Galegas no ano 2018.

Este libro contén tres contos de animais que están escritos en verso. Titúlanse: *Xa non teño medo*, *Can branco, can negro* e *Un cachiño de bica?*

Can branco, can negro comeza así:

Chamáronlle Nicolau

Un día de primavera

Cando chegou a esta vida

Aquel nobelo de seda.

Era un canciño moi feito

De capa brillante e negra,

doces olliños de mel

e bondadosas orellas

que daban á súa cariña

unha traza viva e tenra.

Foi recibido por todos

**Con alumiños e festas
porque, amais de ser bonito,
tiña moi boas maneiras:
era limpo, agarimoso,
moi amable con calquera,
tan ledo coma un axóuxere
e tiña unhas ocorrencias
que facían rir a xente
por máis triste que estivera.**

Moreno, M^a V. (2018). *Eu conto, ti cantas...* Ilustracións de Manolo Uhía. Xerais, Vigo, 4^a ed., p. 25.

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

Podes escoller entre as seguintes actividades:

Le varias veces o poema ata conseguir comprendelo. Quizais lle teñas que pedir axuda a alguén para entender algunha parte.

- **Contesta a seguintes preguntas:**
 1. Como se chamaba o can?
 2. En que estación naceu?
 3. De que cor era?
 4. Como o recibiron?
 5. Como se comportaba?
- **Inventa un conto para o canciño do poema e fai un debuxo. Podes comezar así:**

O canciño Nicolau

Había unha vez un canciño chamado Nicolau que vivía...